



ARGIMIRO MARNOTES



2015 - 2019

# O Carballiño que ti queres

POR TODO o que importa

# Benquerido/a veciño/a,

Unha vez máis, quero darlle as grazas por ter a oportunidade de dirixirme a vostede, de entrar na súa casa, e de poder compartirmos un momento coa súa familia e cos seus amigos, sobre cuestións presentes e de futuro para vostede e para o seu e meu pobo: O Carballiño.

O presente do Carballiño, que vostede axudou a crear durante estes últimos catro anos, é mellor que o pasado. Varias empresas, incluso algunhas punteiras tecnoloxicamente, instaláronse na nosa área empresarial, onde se teñen mellorado as súas infraestruturas e o número de persoas que están a conseguir emprego no noso pobo son máis que hai catro anos.

Sendo ademais, como foron, anos de profunda crise económica, as persoas tiveron máis atención ca nunca, multiplicándose por tres as horas en axuda a domicilio e dependencia, e atendéronse necesidades en todas as franxas de idade, incluída a conciliación familiar.

Foron anos nos que a decisión dos veciño/as pesou soberanamente nas cuestións prioritarias do goberno local. Ninguén esquece posicionamentos firmes sobre a incineradora, ou consensuados respecto da humanización da rúa Curros Enríquez ou sobre

a paralización da modificación do PXOM feita logo dun exercicio de total transparencia dando a coñecer a todos este documento.

O máis importante, significativo e exemplarizante destes últimos anos, que tampouco esqueceremos nunca, é que se tomase entre todo/as a mellor decisión que fixo que redescubrimos un tesouro que tiñamos oculto: refírome ao Templo da Veracruz, cuxo contorno mudou cara a unha espléndida vista, cara a un espazo único, deixando en evidencia o mal gusto e os oídos xordos dos anteriores gobernantes socialistas e nacionalistas. Isto conseguiuase grazas a gran sintonía entre os/as veciño/as e o goberno municipal do Partido Popular, que tiveron a honra de compartir con concelleiro/as que lle dedicaron un grande esforzo e tempo ao servizo público.

Anos nos que, cunha boa xestión, conseguimos que non se fixera necesario derrubar parte do edificio Hotel Rogelia ao que estábamos abocados por sentenza e que nos tería afundido economicamente, sendo sen dúbida a mellor noticia económica deste mandato, evitándose unha situación dramática para moitas familias.

Anos nos que o Carballiño participou activamente do Plan Provincial de Termalismo, para recuperar posicións históricas e onde as nosas festas viviron unha explosión social sen precedentes; non te-

mos máis que dicir que agora se fala da semana da Festa do Pulpo, xa consolidada e xa declarada de interese turístico nacional.

Foron anos nos que as actividades culturais, deportivas, e de ocio se ampliaron e moitas estabilizáronse no tempo. Anos nos que os máis cativos gozan de novos espazos de xogo e de escolas deportivas e que nalgún caso, compiten baixo o nome dos equipos máis representativos do pobo.

Conseguimos, ademais, eliminar moitos puntos de vertidos incontrolados nos nosos ríos e moitas das nosas rúas, non todas as que quixeramos, melloraron o seu estado, así como a recollida de lixo que fai de forma efectiva e profesional a Deputación Provincial de Ourense.

E todo isto e máis, nun periodo de tempo no que o concello, a súa gran casa, saneou as contas, as contas de todo/as os/as veciños/as de forma que, logo de pagarlle a antigos provedores, que non eran poucos, vímonos na obriga de entrar nun plan de axuste económico, do que agora acabamos de sair.

Conseguimos que as empresas e profesionais que traballan para o concello sexan practicamente todo/as da nosa comarca e que se lles poida pagar en prazos inferiores a 30 días e que os impostos e taxas contén, en moitos casos, con tarifas adaptadas ao nivel de renda.

Tamén lles pido desculpas por todo aquilo que vostede considere que teríamos que ter feito e que nos teña que recriminar.

Eu mesmo, consciente de que quedan cousas por facer, dígoles que se souberamos que a situación do concello era a que nos atopamos cando chegamos, moitas das promesas nin llas mencionariamos, non nos atreveríamos. Pero vostede impórtanos, igual que nos importa a súa familia, os seus amigo/as e o seu pobo, que tamén é o meu, O Carballiño.

Hoxe, por sorte, podemos dicir que coñecemos ben a situación de partida e poderemos facer dende Cabanelas a Bagarelas e dende Señorín a Madarnás pasando polo propio Carballiño un lugar próspero.

Coas mulleres e homes do Partido Popular que me acompañan, estaremos ao seu dispor durante catro anos máis, para o que presentamos este programa con medidas a tomar e cun modelo de vila que poñemos ao seu criterio e consideración e para o que lle pido o **VOTO** para o **PARTIDO POPULAR** nestas eleccións municipais.

Gracias de novo.

**Argimiro Marnotes Fernández**  
Candidato do PP á Alcaldía do Carballiño

#### 4 POLAS PERSOAS E POLO EMPREGO

- Continuar ampliando horas e usuarios do servizo de **axuda a domicilio e dependencia**.
- Continuar favorecendo a **conciliación familiar** en calquera hora do día.
- Apertura da **segunda Galiña azul** na Uceira.
- Continuar creando máis **zonas de xogos para cativos** e parques biosaudables e mellorando os existentes.



- **Cubrir** a zona de **xogos infantis da alameda**.
- **Centro de día**.
- **Terceiro plan de igualdade e tolerancia cero** municipal.
- Continuar promovendo o **Centro de Información á Muller**.
- Continuar con formación para **persoas coidadoras**.
- **Voluntariado interxeneracional** de xoves e maiores.
- Continuar dando **apoio a sectores inmigrantes e emigrantes**.
- Continuar coa coordinación entre **Servizos Sociais** do concello, con **Cruz Vermella, Caritas**, etc., para atención a situacións de emerxencia.
- Continuar cos **programas sociais e de integración** para os sectores máis desfavorecidos.

- Integración laboral de **persoas con discapacidades**.
- Potenciar o **consumo RESPONSABLE** de alcohol nas noites da fin de semana.
- **Campañas sanitarias** dirixidas a todos os sectores de idade.
- **Consello municipal de Saúde**.
- Programas de apoio as **familias numerosas, monoparentais**.
- Colaboración coas **ANPAS** para actividades extraescolares.
- Unidade de **Drogodependencia**.
- Continuar colaborando cos **centros educativos** para **utilización dos seus espazos e actividades formativas**.
- Continuar o traballo de dinamización da nosa

lingua en colaboración cos distintos organismos e entidades.

- Continuar coa mobilidade internacional para **aprendizaxe de idiomas para xoves**.
- **Consello municipal de Educación**.
- Homologación dun centro municipal de **formación para o emprego**.
- Máis **obradoiros de emprego**.



- Xestionar **novos módulos profesionais** nos institutos adaptados ao territorio (termalismo e metalúrxica).
- Continuar colaborando con empresas locais facilitando **formación específica para potenciar o emprego local**.
- Cesión dun terreo para un **centro empresarial e de negocios na nosa área empresarial**.



- **Relanzamento da Praza de Abastos**, coa reapertura de espazos pechados e adecuado aos tempos actuais.
- Sacar a concurso a **apertura do Matadoiro**.
- Colaboración cos empresarios e continuar modernizando a nosa **área empresarial**.



- Potenciar a **Concellería de Turismo** con maior orzamento.
- Seguir impulsando a **semana da Festa do Pulpo**, a súa **marca registrada** e conseguir a súa **Declaración de Interese Turístico Internacional**.
- Consegui-la Declaración de Festa de interese turístico para a **Festa da Cachucha**.
- Recuperar o esplendor da **Festa dos Maiores**.
- Campaña de promoción do **Cámping municipal** e zona etnográfica.
- **Sinalización turística e termal**.
- **Programas de promoción hoteleira e hostaleira**.
- Colaborar coa Xunta de Galicia e impulsar a apertura durante todo o ano da **Residencia do Tempo Libre**.
- **Templo da Veracruz e o seu novo contorno**, como reclamo principal do noso patrimonio.



- **Impulso e subvencións directas** para actividades **culturais e deportivas** que se desenvolvan dende hai máis de 3 anos.



1  
ARGIMIRO  
MARNOTES  
FERNÁNDEZ  
ARQUITECTO  
TÉCNICO

2  
PILAR  
CARIDE  
GONZÁLEZ  
TÉCNICA EN IGUALDADE

3  
EMILIO  
CARBALLEDA  
PINAL  
XUBILADO DE BANCA

4  
JOSÉ LUIS  
SOBRINO  
RODRÍGUEZ  
FUNCIONARIO DA DEPUTACIÓN

5  
TERESA  
CERDEIRA  
VALIÑAS  
ORIENTADORA LABORAL

6  
MAGÍN  
DAPARTE  
VILLAR  
ENXEÑEIRO TÉCNICO  
AGRÍCOLA

7  
MÓNICA  
BANGA  
GARCÍA  
TÉCNICA EN TERMALISMO

8  
RODRIGO  
GONZÁLEZ  
HERMIDA  
TÉCNICO EN  
DESENVOLVEMENTO RURAL

9  
MIGUEL ÁNGEL  
ROMERO  
RODRÍGUEZ  
DIRECTOR DE CENTRO  
DE ENSINANZA PÚBLICA  
E PTE. AA.VV. PITEIRA

10  
LIDYA GISELLE  
ALMONTE  
POLANCO  
TÉCNICA EN DIETÉTICA  
E NUTRICIÓN

EMPR





11  
JESÚS  
RODRÍGUEZ  
GONZÁLEZ  
ESARIO DO POLÍGONO

13  
M<sup>a</sup> ELENA  
GONZÁLEZ  
PÉREZ  
EMPRESARIA XUBILIADA

15  
ROSA MARÍA  
FARIÑAS  
LOIS  
DEPENDENTA

17  
MARTÍN  
NOGUEIRA  
MARTÍNEZ  
PEDIATRA

S2  
INMACULADA  
ÁLVAREZ  
FEIJOO  
DPA. EN EMPRESARIALES

S4  
MARÍA CARMEN  
RODRÍGUEZ  
RODRÍGUEZ  
ASISTENTA SOCIOSSANITARIO

12  
PURIFICACIÓN  
ALBERTE  
IGLESIAS  
PSICÓLOGA CLÍNICA

14  
RAMÓN  
PINAL  
GONZALEZ  
TÉCNICO AUXILIAR  
EN ELECTRÓNICA

16  
ANA  
VILLANUEVA  
DOMÍNGUEZ  
ADMINISTRATIVA

S1  
PABLO  
VÁZQUEZ  
PÉREZ  
FUNCIONARIO DE  
RESIDENCIA DE MAIORES  
E PTE. AA.VV. SAGRA

S3  
JOSÉ ANDRÉS  
VÁZQUEZ  
DIÉGUEZ  
FUNCIONARIO DO ESTADO

S5  
ANDRÉS  
RODRÍGUEZ  
VÁZQUEZ  
EX-DIRECTOR  
CENTRO DE MAIORES

- Creación da **Concellería de Termalismo**, con partida orzamentaria propia.
- Seguir a colaborar cos **balnearios do Carballiño**, como motor prioritario da nosa economía.
- Mellorar os accesos ao **balneario de Partovia**.
- Mellorar o caudal do **Bañiño de Arcos e a súa contorna, e facer un paseo termal** e saudable que una os puntos de augas termais do Carballiño.
- Recuperar o **centro comarcal** para actividades culturais e musicais.
- **Compra da parcela** onde se ubica “o que está chamado a ser **Museo do Papel**” e **Pena dos Namorados** (que hoxe aínda non son municipais).
- **Compra da casa Ferretería Soto**, e someter a concurso de ideas a súa reforma e utilización.
- Posta en valor do **Mosteiro de Lobás** (proxecto xa enviado ao ministerio para subvención).
- **Desfibriladores** nas zonas deportivas.
- Seguir fomentando o **deporte** como **reclamo turístico**.
- Seguir colaborando con **CD Arenteiro, Club fútbol sala Carballiño** para a escola municipal de fútbol e fútbol sala.
- **Ximnasio de mantemento**, local **cafetería** e **campo de fútbol 7** de herba natural na zona deportiva da uceira.
- Cubrir as **pistas de pádel e tenis** e arranxo das pistas de tenis.
- Adaptación do **local** municipal da Praza Juan Corral Pajariño, para **actividades de asociacións**.
- Seguir impulsando ao **centro comercial aberto**, potenciando as novas tecnoloxías, a mesa local de comercio, e actividades complementarias.



- Conseguir transformar a estación do Ferrocarril en **estación intermodal**.
- Transformación da **estación de autobuses** para reserva de solo para **centro de saúde**.
- Apostamos pola **implantación dun transporte público provincial, que nos una con Ourense con frecuencias horarias adaptadas**.




- **Zona gratuíta de estacionamento rotativo** no centro do pobo.
- **200 prazas públicas de aparcamento** na periferia do centro urbano.
- **Sinalización luminosa dos pasos de peóns** que soporten unha maior densidade de tráfico.
- Adaptar tódolos pasos de peóns ás persoas con **discapacidade de mobilidades**.
- **Adaptar o tráfico** ás características do **camión de bombeiros** do novo **Parque Intercomarcal de Bombeiros**.
- Plan director de mantemento de viais e pistas locais. Obxectivo: **reposición e mantemento de todos os viais municipais**.
- **Rotonda na Avda. Compostela coa Avda. Castelao** e ubicación nela do **monumento ás pulperías**.
- Apertura da **rúa Faustino Santalices**, para desconxestionar o tráfico do centro urbano.


- **Acceso libre de internet** en prazas públicas e locais municipais.
- Promover a construción dun **cimenterio civil**.
- Área de reforma integral do **barrio de Flores**.
- Modificacións puntuais do **PXOM** para xerar máis espazos públicos e dotacionais en diálogo permanente cos veciño/as.
- **Embelecemento de medianeiras** das edificacións.
- Escomezar a **eliminar** por zonas o **cableado aéreo** existente.
- Promover traballos medioambientais e sociais con **asociacións de discapacitados**.
- Posta en funcionamento dun **Plan de prevención de incendios no rural** con dotación de tomas de augas e mangueras nos pobos.

- Colaboración económica coas **asociacións de veciño/as do rural**, que fagan labores de protección medioambiental.
- Continuar **humanizando rúas** do núcleo urbano.
- Continuar ampliando o **programa de compostaxe doméstico**.





- Continuar co control de augas das nosas **fontes**.
- Censo municipal de **cans e control de colonias felinas e pombas**.
- Continuar coa **eliminación de vertidos** nos nosos ríos Arenteiro e Carrás.



- Profesionalizar a **limpeza** de viais e espazos públicos.
- Desenvolver actuacións no **parque municipal** deseñadas no concurso de ideas.

- Potenciar o **voluntariado de Protección Civil**.
- **4 novas prazas de policía local e 1 praza de sarxento**.
- **RPT** adaptada á realidade do Concello, potenciando a **formación continua** dos traballadores, e **criterios obxectivos de produtividade**.
- Ampliación de **superficie administrativa da casa do Concello**.
- Actualización dos **bens inventariados do Concello**.
- Seguir ampliando criterios de **Transparencia na administración**.
- Os **provedores** do Concello seguirán sendo **todos do Carballiño** e seguirán a cobrar en menos de 30 días.
- Continuar impulsando **impostos reducidos con tarificación social** en función de renda, exclusión, familias monoparentais, numerosas...
- Aumentar as **bonificacións do impostos domiciliados**.
- **IBI no tipo impositivo MENOR** que permite a lei.
- Continuar co control **do gasto público e redución da débeda financeira**.
- Consello de **participación cidadá** con novas competencias.
- Consensuar coa **Federación de veciño/as** os investimentos a facer no rural. **Orzamento participativo**.
- **Comunicación entre a veciñanza** e a administración **por medio de novas tecnoloxías**.

# Traballar. Facer. Crecer.

Só é posible co teu voto.



POPULARES  
do Carballiño



[www.argimiroalcalde.es](http://www.argimiroalcalde.es)

 [facebook.com/argimiroalcalde](https://facebook.com/argimiroalcalde)

 [@argimiroalcalde](https://twitter.com/argimiroalcalde)

 606 25 43 97